



O CDG ORGANIZA EN SANTIAGO O PRIMEIRO ENCONTRO EUROPEO DE NOVOS TALENTOS DO CIRCO

CIRCO EUROPA CELEBRARASE DO 17 AO 29 DE XUÑO COA PARTICIPACIÓN DUN TOTAL DE 70 CREADORES EMERXENTES E PROFESIONAIS DAS ARTES ESCÉNICAS

O PROGRAMA INCLÚE ACCIÓNS FORMATIVAS, EXHIBICIÓ DE ESPECTÁCULOS, DEBATES E A CIRCO EUROPA PARTY

Un total de 70 novos artistas e profesionais das artes circenses e escénicas en xeral daranse cita do 17 ao 26 de xuño en Santiago de Compostela no marco do I Encontro Jeunes Talents Cirque Europe que, baixo o título xenérico de Circo Europa, organizará o Centro Dramático Galego (CDG) co Salón Teatro como escenario principal. Ademais, a compañía pública compartirá esta experiencia internacional tanto coa comunidade artística do novo circo galego como co público compostelán, desenvolvendo un programa que conxuga as accións estritamente formativas coa exhibición de espectáculos.



SUMARIO

- [1-6] AGADIC
 - [5] > Centro Coreográfico Galego
 - [5-6] > Centro Dramático Galego
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-8] ALERTA!
- [9] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

O CDG ORGANIZA EN SANTIAGO O PRIMEIRO ENCONTRO EUROPEO DE NOVOS TALENTOS DO CIRCO

O programa está pensado tanto para facer partícipe a cidadanía como para implicar nel o novo circo galego.



Doble Mandoble

O encontro, para o que se conta coa colaboración da Asociación Galega de Novo Circo e Cabaré Pistacino e do Xacobeo 2010, desenvólvese ao abeiro do programa Xóvenes Talentos do Circo Europeo (Jeunes Talents Cirque Europe-JTCE), iniciativa europea de apoio aos artistas emerxentes no ámbito do novo circo que promove a asociación francesa homónima e na que o CDG participa en representación da Península Ibérica.

A comisión artística de JTCE foi a encargada de seleccionar os 21 novos creadores europeos –sete deles galegos– convidados a participar nas actividades formativas de Circo Europa do 17 ao 26 de xuño: dez intensas xornadas de traballo de adestramento, ensaio e intercambio de experiencias baixo a coordinación da coreógrafa Fatou Traouré e do autor, director e intérprete Jean-Michel Guy, presidente

así mesmo do xurado de Jeunes Talents Cirque Europe. Seis mestres galegos apoiarannos á hora de abordar as diferentes disciplinas vinculadas ao novo circo como xénero escénico.

Asemade, e coincidindo coa actuación en Santiago da Merce Cunningham Dance Company dentro da programación do Xacobeo 2010, os participantes terán a oportunidade de asistir o día 23 a unha *master class* cos integrantes da compañía norteamericana. As actividades formativas complementaranse con varios debates abertos tanto ao resto de artistas interesados, calquera que sexa a súa disciplina, como ao público xeral.

Rúa Aire e Mi otro yo

Canto ao programa de exhibición, pensado tanto para facer partícipe á cidadanía deste evento europeo como para

implicar nel ao novo circo galego, o Salón Teatro acollerá os espectáculos *Rúa Aire* da compañía galega O Retrete de Dorian Gray (martes 22, ás 21.30 h) e *Mi otro yo* da formación hispano-belga Doble Mandoble (sábado 26 e domingo 27 ás 21.30 h), así como a Circo Europa Party (martes 29, ás 21.30) que porá o colofón a esta primeira edición do Encontro Jeunes Talents Cirque Europe.

En *Rúa Aire*, Marcos «PTT» Carballido e Ezra Moreno constrúen todo un universo de suspense e misterio a partir de marionetas feitas con globos, segundo a técnica de manipulación de monicreques inchables que eles mesmos inventaron. A entusiasta acollida por parte do público e da crítica dende a súa estrea avalan esta montaxe na que O Retrete de Dorian Gray fai gala dun novo xeito de entender o chamado teatro de obxectos.

O segundo espectáculo desta carteleira chega da man do prestixioso dúo Doble Mandoble: *Mi otro yo*, a máis recente proposta dos xemelgos españois afinandos en Bélxica Luis Javier e Miguel Angel Córdoba Pelegrín, no que fusionan maxia, acrobacia e teatro xestual para propoñer unha viaxe a través do «espello da identidade».

Gran festa do circo

Circo Europa despedirase do público compostelán o martes 29 de xuño cunha gran festa do circo dirixida pola *troupe* de Pistacino, na que participarán artistas locais e parte dos creadores europeos convidados ao encontro, entre eles os integrantes de Duelirium e Circo Expreso (na imaxe da portada),

as dúas formacións galegas clasificadas respectivamente entre as formacións finalistas e vencedoras do programa Jeunes Talents Cirque Europe 2009-2010. Na xornada do luns traballarán conxuntamente para ensamblar os números de circo da que será a I Circo Europa Party arredor dunha temática clara: Compostela como punto de encontro europeo.

+info en www.centrodramatico.org e <http://www.jeunestalentscirque.org/>

CIRCO EUROPA. I ENCONTRO JEUNES TALENTS CIRQUE EUROPE

Santiago de Compostela, do 17 ao 29 de xuño
Organiza: Centro Dramático Galego
Colaboran: Pistacino, Xacobeo 2010

Formación Circo Europa


- Sesión formativas
Salón Teatro, do 17 ao 26 de xuño
Dirección: Fatou Traouré (traballo físico) e Jean-Michel Guy (análise de proxectos)
- *Master class* da Merce Cunningham Dance Company
Sala de ensaios do CDG, 23 de xuño
- Debates (abertos ao público). Salón Teatro

Circo Europa a Escena

- O Retrete de Dorian Gray: *Rúa Aire*
Salón Teatro, 22 de xuño ás 21.30 h
- Doble Mandoble: *Mi otro yo*
Salón Teatro, 26 e 27 de xuño ás 21.30 h

Circo Europa Party

Salón Teatro,
29 de xuño ás 21.30 h



PROMOCIÓN

A FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2010 CELEBRARASE EN SANTIAGO DO 18 AO 21 DE OUTUBRO

A Agadic prepara a décimo oitava edición da Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrará do 18 ao 21 de outubro en seis espazos de Santiago de Compostela cun cartel artístico de 21 espectáculos de teatro e danza, 18 deles galegos.

A selección das compañías participantes realizarase a través de dúas vías: unha obxectiva, segundo a que a metade dos espectáculos galegos corresponderán ás compañías con maior nivel de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios durante a última temporada; e outra artística, a través da que unha comisión nomeada para este fin elixirá tanto as 9 montaxes galegas restantes como as 3 que chegarán dende fóra de Galicia.

Inscricións

As compañías galegas interesadas en amosar os seus espectáculos na Feira dispoñen ata o 7 de xuño para presentar as súas propostas cara á configuración

deste programa de exhibición, que se desenvolverá diante de máis dun centenar de axentes culturais de toda Galicia, así como do resto do Estado e de Portugal.

Unha vez rematado este primeiro prazo, entre o 20 de xuño e o 20 de xullo abrirase o proceso de acreditación de profesionais dirixido prioritariamente a programadores, produtores, distribuidores e prensa especializada en artes escénicas de toda a Península. Este é o público preferente da programación da Feira que, porén, tamén abre as súas portas ao resto de espectadores, en función das locali-

dades dispoñibles para cada unha das representacións.

A carteleira artística desta nova edición da Feira Galega das Artes Escénicas completaráse cun programa paralelo que incluírá *showcases* de danza: pezas curtas a

cargo de formacións e artistas emerxentes no panorama coreográfico galego. Tamén se desenvolverán diferentes actividades arredor da zona de mercado ubicada no Auditorio de Galicia, onde se instalarán un total de 16 *stands* de asociacións e empresas do sector.

Ademais do Auditorio, que repite como sede central da feira, a Sala Capitol e a Aula de Cultura de Caixa Galicia súmanse este ano ao Salón Teatro, ao Teatro ARTeria Noroeste e ao Teatro Principal como escenarios.

FORMACIÓN

UN TOTAL DE 25 ALUMNOS SEGUIRON AS MASTER CLASS DE ELISEO PARRA E DAVID MAYORAL

Un total de 25 alumnos asistiron os pasados 26 e 27 de maio aos cursos impartidos polos mestres Eliseo Parra e David Mayoral dentro do ciclo de Master Class de Música Tradicional da Agadic. Baixo os títulos «A necesidade de cantar» e «Percusións do Mediterráneo», ambas actividades desenvolvéronse na Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela.

Na súa clase maxistral, Eliseo Parra abordou a percusión como acompañamento do canto e do baile, ensinando a técnica e a maneira de tocar instrumentos tradicionais tales como o pandeiro cadrado, as pandeiretas, o almirez, o triángulo, a cana de bambú, as palmas, etc.; en combinación cos ritmos tradicionais da Península Ibérica e das illas: seguidillas, *jotas*, fandangos, corridos...

Pola súa banda, David Mayoral impartiu unha clase maxistral sobre a percusión na tradición musical mediterránea, centrándose en tres das familias máis comúns e estendidas no marco destes instrumentos: os pandeiros (bendir, tar, tof, def...), as pandeiretas (req, defi, mazhar...) e os tambores de copa (darbuka, doumbeck, táboa exipcia...). Mayoral fixo

un percorrido que abrangueu desde as técnicas máis básicas até as modernas, pasando polos procedementos de ornamentación rítmicos máis complexos.

Próxima cita

Esta segunda edición das *master class* de música tradicional completárase cun curso de guitarra, bouzouki e mandolina, a cargo de Carlos Beceiro. O encontro, que terá lugar os días 4 e 5 de xuño, permitirá a aprendizaxe de afinacións alternativas, formación de acordes, acompañamento de música tradicional, melodías de gaita adaptadas a guitarra, bouzouki, etc.

Os interesados en asistir a esta terceira cita do ciclo, dirixida tanto a músicos profesionais coma a estudantes de conservatorios ou de escolas de música, poden formalizar a súa inscrición *on line* a través do enderezo de internet www.masterclassdemusicatradicional.info. Como nos casos anteriores, establécese un límite máximo de 15 alumnos, que terán que achegar os seus propios instrumentos e aboar previamente 50 euros en concepto de custo de matrícula.

+info en www.masterclassdemusicatradicional.info

Imaxe gráfica da edición de 2010 da Feira

DIFUSIÓN

A AGADIC LEVA A MÚSICA GALEGA A OITO AUDITORIOS E FESTIVAIS CATALÁNS

A Agadic e o ICIC (Institut Català de les Indústries Culturals) manteñen a súa colaboración para o intercambio musical entre Galicia e Cataluña, grazas á que este ano un total de oito salas e festivais cataláns programarán música galega baixo o lema «Ao vivo dende Galicia». O grupo Igloo, Mercedes Peón e Carlos Núñez foron os artistas elixidos polos propios espazos para protagonizar estes concertos, que se estenderán ata mediados do mes de setembro.

Así, e tras actuacións xa celebradas de Igloo no Let's Festival de L'Hospitalet de Llobregat e de Mercedes Peón no Festival Tradicionari de Barcelona, a terceira das citas do ciclo tamén estará protagonizada pola artista coruñesa, quen participará no Festival (A)phònica de Banyoles o vindeiro 24 de xuño.

O gaiteiro Carlos Núñez ofrecerá os seis concertos restantes: 8 e 9 de xullo no Festival Kesse de Tarragona, 11 de xullo no So de Sons de Vilabertran, 13 de xullo en La Seu d'Urgell, 15 de setembro no Auditori de Sant Cugat del Vallès e 16 de setembro no Teatre Kursaal de Manresa.

Carlos Núñez



PUBLICACIÓNS

A COLECCIÓN DE PARTITURAS «ARS GALLAECIAE MUSICAE», PREMIO DA CRÍTICA 2010

A colección de partituras *Ars Gallaeciae Musicae* (AGM) que edita a Agadic xunto á empresa Dos Acordes e dirixe artisticamente Joam Trillo, obtivo o Premio da Crítica-Galicia 2010 na modalidade de Música.

O xurado, que estivo presidido por Carlos Villanueva e integrado por Juan P. Durán Alonso, Pablo Abreu Fernández, Nicolás Camino Huertas e Celso Domínguez valorou, ao premiar esta colección, a súa prolongada actividade investigadora e divulgativa. Resaltou tamén que o proxecto «enriquece o repertorio das orquestras nacionais e internacionais e potencia novos valores».

Ars Gallaeciae Musicae foi fundada en 1992 e dirixida desde entón polo mestre Joam Trillo para a difusión das obras musicais de autores galegos ou moi vencellados a Galicia. Na actualidade, a colección conta con 37 números editados e divídese en tres series: Agra Vella (adicada ao repertorio clásico), Agra Nova (composta por títulos de autoría actual) e Ávrego (centrada en música de banda).

O último título publicado foi a *Suite Vigo*, de Reveriano Soutullo; e nestes momentos están na imprenta *Granada*, de Andrés Gaos (serie Agra Vella) e *Lugo Ferrol*, de Gregorio Baudot (serie Ávrego).

+ info en www.agadic.info

DANZA

O MOV-S 2010 INCORPORA A COMPAÑÍA ENTREMANS Á SÚA PROGRAMACIÓN EN MADRID

A organización do Festival Mov-s 2010, que este ano comparten o Mercat de les Flors de Barcelona e o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, seleccionou a compañía de danza Entremans co seu último espectáculo *Concerto Desconcerto* para incorporar á súa carteleira artística. A actuación do grupo coruñés en Madrid conta tamén coa colaboración da Agadic.

O festival desenvolve a súa terceira edición en distintos espazos madrileños do 10 ao 13 de xuño, despois de se celebrar en anos precedentes en Galicia (illa de San Simón) e Barcelona. Do 10 ao 13 de xuño, o Museo Reina Sofía, o Teatro Fernán Gómez, La Casa Encendida, El Matadero, Teatros del Canal, o Círculo de Bellas Artes, o Teatro Circo Price e distintos emprazamentos ao aire libre acollerán todas as actividades do Mov-s: mesas de debate, grupos de

traballo, propostas artísticas, reunións paralelas, espazos de encontro, itinerarios e actuacións.

Concerto Desconcerto, peza coproducida polo Centro Coreográfico Galego en 2009 con dirección artística de Alexis Fernández, escenificarase nunha das salas do Círculo de Bellas Artes o venres 11 de xuño ás 20.30 horas. O espectáculo conta co asesoramento na produción musical de Mercedes Peón e a interpretación a cargo de Alexis Fernández, Kirenia Martínez, Armando Martén e Caterina Varela. A proposta xoga coa intervención activa do público, ao que traslada sensacións non só mediante o movemento, senón a través do especial espazo sonoro que presenta e outras percepcións visuais e olfactivas.

+info en www.mov-s.es



INDUSTRIAS CULTURAIS

O PROGRAMA CREATIVA AMOSA ESPAZOS ESCÉNICOS PORTUGUESES A XESTORES DA RGTA

O programa CREATIVA desenvolve entre os días 21 e 22 de xuño en Portugal un encontro de industrias culturais, mediante o que un grupo de xestores galegos membros da RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios) poderán coñecer persoalmente distintos espazos escénicos lusos e os seus modelos de xestión.

A iniciativa, organizada pola Agadic e a Direcção Regional de Cultura do Norte, centrarase nas visitas ao Centro Cultural Vila Flor de Guimarães e ao Teatro Nacional São João de Porto. En ambos destinos están previstos senllos foros de exposición e debate entre os programadores galegos e portugueses, nos que se abordarán os xeitos organizativos de cada centro e os seus planos de produción e exhibición.

Ademais, no caso de Guimaraes, o Pequeno Auditorio do Centro Cultural Vila Flor acollerá, con motivo desta visita, 4 ciclos de *showcases* con pequenas mostras das creacións escénicas portuguesas.

O encontro forma parte de CREATIVA, un proxecto con financiamento da Unión Europea que se vén desenvolvendo desde decembro de 2009 mediante distintas accións para a difusión das industrias culturais do sur de Galicia e do norte de Portugal.

+info en www.creativacultural.org

**O TEATRO ROSALÍA DA
CORUÑA ACOLLERÁ O 3 DE
XULLO A ESTREA DA NOVA
PRODUCCIÓN, «ETHERIA»**

O Teatro Rosalía Castro da Coruña acolle os vindeiros 3 e 4 de xullo a estrea do espectáculo do Centro Coreográfico Galego *Etheria*. A viaxe soñada, baixo a dirección de Mercedes Suárez. A que será a cuarta produción da unidade de danza da Agadic evocará por medio do baile, a música e a imaxe o periplo de Etheria, unha relixiosa galega no século IV, na súa peregrinación de retorno desde Xerusalén até Compostela.

Sobre a composición musical especialmente escrita por Isaac Garabatos, os 12 bailaríns e bailarínas do elenco protagonizan unha montaxe coreográfica que conta coa interpretación musical en directo de Xosé Lois Romero xunto a outros 8 instrumentistas e da cantante Rosa Cedrón.

O espazo escénico e a iluminación deseñada por Antonio F. Simón, así como o vestuario proposto por Marcos González e as imaxes de vídeo seleccionadas por Mercedes Suárez contribúen a recrear sutilmente os distintos ambientes e latitudes xeográficas polas que discorre a viaxe da protagonista.

Os ensaios veñen desenvolvéndose desde o pasado 3 de maio. Ariel Gastón Álvarez Caramés, Miguel Ángel Bolo Oltra, Elena Chamorro Rodríguez, Beatriz Garrido López, Núria Giménez Villarroja, Juan Miguel Hernandez Delgado, Àstrid Molinero Muns, Miguel Ángel Ponte Mosteiro, Pastor Rodríguez Feal, Irene Rubio Martínez, Carlos Ugarriza Crespo e Fátima Fernández Rodríguez conforman o corpo de baile que foi seleccionado de entre os 72 aspirantes chegados de sete países que participaron nas audicións celebradas a finais do mes de marzo.

+info en www.centrocoreografico.com



**SAPRISTI ESTREA EN
COPRODUCCIÓN CO CDG
«POR QUE O MENIÑO
SE COCE NA POLENTA?»**

O Salón Teatro acolle o venres 11 de xuño ás 21.00 horas a estrea da coprodución entre Sapristi Teatro e o CDG *Por que o meniño se coce na polenta?*, baixo a dirección de escena de Roberto Leal. A versión da novela da autora romanesa Aglaja Veteranyi (Bucarest, 1962-Zürich, 2002) *Warum das kind in der polenta kocht?*, publicada en Stuttgart en 1999, foi adaptada por Quico Cadaval e conta na interpretación cun intenso traballo de Nuria Sanz e Nacho Sanz. Este último, ademais de actuar como músico en escena, é o autor do espazo sonoro que envolve toda a representación. Tamén participan na montaxe Baltasar Patiño como deseñador de iluminación e Marta Pazos como deseñadora de espazo escénico e vestuario.

A novela orixinal é a historia dunha pequena que leva, exiliada do comu-



Imaxe promocional de *Por que o meniño se coce na polenta?*

nismo romanés, unha vida circense ambulante arredor de Europa e África. Escrita a modo de diario, relata o día a día na caravana, nos hoteis e nunha residencia para contar, cun trasfondo tan cruento como verdadeiro, a visión do mundo da protagonista.

Historia real

No espectáculo, Nuria Sanz sitúase no escenario para contar como Aglaja se suicidou o 3 de febreiro de 2002. Aparece como ela mesma, como unha actriz que nos vai dar unha información pero, por arte de maxia –a mesma maxia que presidirá toda a obra de teatro– convértese na propia Aglaja contando a súa historia real. Ao tempo, a escenografía, que muda para transformarse nunha pista central cunha bancada a modo de grada, sitúa

ao espectador nun punto de vista non determinado dun circo. A partir de aquí establécese un xogo interpretativo entre a actriz e o seu personaxe, de modo que se sucede a representación de imaxes sacadas da memoria e do maxín da cativa: Aglaja vella, Aglaja morta, Aglaja meniña, súa nai colgándose dos cabelos ou seu pai facendo de paiaso.

Os integrantes de Sapristi Teatro levan un mes de traballos na nova nave da Agadic, no Polígono Costa Vella, desde onde se trasladarán ao Salón Teatro para levar a cabo os últimos ensaios xa desde o luns 7 de xuño como compañía residente. Despois da estrea do venres 11, *Por que o meniño se coce na polenta?* repetirá funcións o sábado 12 ás 20.30 h e o domingo 13 ás 18.00 h.

+info en www.centrodramatico.org e www.latiamardalina.com

TEATRO, DANZA E CIRCO OCUPAN O SALÓN TEATRO NO MES DE XUÑO

A Companhia Leões de Circo abre a carteleira de programación do Salón Teatro durante este mes de xuño coa posta en escena o xoves día 3 de *A descoberta das Américas*, montaxe inserida dentro da extensión en Compostela do Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica FITEI 2010.

Na primeira semana de xuño, o espazo que xestiona o CDG está ocupado ademais coa XI Mostra Internacional de Teatro Universitario que promove a Aula de Teatro da Universidade de Santiago coa representación de 5 espectáculos (*Peza para dous actores*, *Unha merenda de tolos*, *The Falúa's Rocky Horror Show*, *Chekov en xogo*, *Basta xa!*, *In-comunicando*).

África Vive

Tralas funcións de estrea da coprodución do CDG con Sapristi *Por que se coce o meniño na polenta?* os días 11, 12 e 13 de xuño, o programa cultural *África Vive* visita tamén o Salón Teatro o martes 15 co espectáculo de danza contemporánea africana que leva por nome *Traces*, que en galego significa pegadas. Esta iniciativa de Casa África que achega o continente veciño a boa parte da xeografía española por medio de innumerables

actividades, trae a Compostela un dúo interpretado polos bailaríns Auguste Ouedraogo e Bienvenue Bazié, considerados os mellores representantes dunha nova xeración de bailaríns burkineses, pois a súa forma de entender a danza, e por extensión, a arte, está revolucionando os escenarios de dentro e fóra de África.

Finalmente, do 17 ao 29 de xuño, o CDG organiza –en coordinación co Jeunes Talents Cirque Europe (JTCE)– o programa Circo Europa, o encontro de novos talentos do circo europeo. Tal como se detalla na portada deste número de e-scena, serán dez días nos que vinte e cinco artistas seleccionados entrenarán, ensaiarán e intercambiarán experiencias ao redor da arte do novo circo, coordinados por Fatou Traoure e Jean Michel Guy.

O evento está estruturado en dúas partes: na primeira, de carácter formativa, desenvolveranse *workshops*, sesións de intercambio artístico e mesas de debate, e na segunda, aberta ao público, exhibiranse os espectáculos *Rúa Aire* da compañía O Retrete de Dorian Gray (mércores 23 ás 20.30 h) e *Mi otro yo*, de Doble Mandoble (sábado 26 e domingo 27 ás 20.30 h).

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]



Informe de actividade 08-09

Centro Coreográfico Galego

Edita: Agadic
Edición non venal

Coa publicación da memoria de actividade da pasada temporada escénica, o Centro Coreográfico Galego achega aos cidadáns unha panorámica do seu traballo a prol da danza a través das diferentes áreas de traballo desenvolvidas por esta unidade da Agadic.



Giseliña

Centro Coreográfico Galego

Colección Bitácora, nº 3
Edita: Agadic
ISBN: 978-84-453-4908-3
PVP: 10 €

Giseliña recolle os bosqueños, as notas e a evolución do camiño que foi dende a xestación ata a presentación final ante o público da que foi a terceira produción propia do Centro Coreográfico Galego, dirixida polo coreógrafo Cisco Aznar na temporada 2008-2009.



Cores do Atlántico

Ria Lemaire (textos)
e Socorro Lira (música)

Edita: Pai Edicións
ISBN: 978-84-613-9613-9
PVP: 24,04 €

Cores do Atlántico é un traballo divulgativo-musical que ofrece unha aproximación ás cantigas de amigo desde unha dobre perspectiva: a interpretación teórica da catedrática holandesa Ria Lemaire Mertens e a interpretación musical da cantautora brasileira Socorro Lira. A asociación pontevedresa Ponte...nas ondas encargouse da coordinación xeral do proxecto, que se acompaña dun CD para o que se contou coas achegas de Margareth Menezes, Cida Moreira, Caiana dos Crioulos, Eneida Marta, João Afonso, Uxía e Leilía.



Granada. Na Alhambra á tardiña. Poema sinfónico para orquestra

Andrés Gaos

Colección Ars Gallaeciae Musicae, serie Agra Vella, nº 25
Editan: Agadic-Dos Acordes
ISMN: 979-0-801249-08-1
PVP: 50 €

Granada, poema sinfónico para orquestra composto por Andrés Gaos e estreado en Bos Aires no mes de outubro de 1916, é una das súas obras máis significativas. Trátase da composición favorita do autor. Acompaña á obra o CD coas partes.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidio e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o 30 de abril.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finaliza o 30 de abril. No caso dos distribuídos entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, as solicitudes presentaranse ata o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de marzo de 2010, o prazo finaliza o 30 de abril. No caso das realizadas entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2010, as solicitudes presentaranse ata o 31 de maio. Para o resto, o prazo finaliza o 31 de outubro.

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da Agadic ás industrias culturais 2010 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	B. Crédito-Cultura	Empresas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución D.1. Distribución exterior	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de distribución	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais.	31 de outubro***
Subvencións da Agadic ao sector audiovisual 2010	Producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural (DOG nº 86 de 7 de maio) 1. Longametraxes (cinematográficas –animación, ficción ou documental–, opera prima, películas para televisión) 2. Longametraxes documentais (de creación e de difusión cultural)	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes, domiciliadas cando menos dende hai un ano en Galicia (ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea).	7 de xuño
	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográfica, telefilmes e documentais de interese cultural galego (DOG nº 66 de 9 de abril)	Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes con sede, sucursal ou oficina permanente en Galicia.	15 de setembro
Feira Galega das Artes Escénicas 2010. Inscripción de espectáculos e programadores	O prazo de inscrición dos espectáculos de compañías galegas cara á súa participación na XVIII Feira Galega das Artes Escénicas debe realizarse <i>on line</i> desde o apartado «Inscripcións» da web www.feiradasartesscenicass.com ata o 7 de xuño. Tamén a través desta páxina estará dispoñible o formulario de inscrición de programadores entre o 20 de xuño e o 20 de xullo.	Compañía galegas / Programadores, distribuidores, produtores, prensa especializada e outros axentes culturais. Máis información: www.feiradasartesscenicass.com	7 de xuño (espectáculos) 20 xullo (programadores)
RGTA e RGS. Prazos de programación para o segundo semestre de 2010	A Agadic abre o prazo de programación definitiva para o segundo semestre de actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas.	Espazos adscritos á RGTA e RGS. O trámite realízase a través da intranet de www.galescena.info	8 de xuño
EAEM. Curso de composición	O mestre Antón García Abril impartirá unha nova edición deste curso, que se desenvolverá dende outubro de 2010 a xullo de 2010 (unha sesión ao mes) na sede da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago. As clases centraranse en técnica compositiva, orquestración, corrección de obras e análise.	A inscrición e a matrícula debe formalizarse a través da páxina web www.eaem.es , enviando ademais o currículo do solicitante e, de xeito opcional, unha obra de composición orixinal. Aceptarase un máximo de 12 alumnos activos e, no caso de que o número de solicitudes supere o de prazos dispoñibles, a organización seleccionará os participantes de acordo coa documentación achegada.	8 de xuño

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
EAEM. IX Festival de Contrabaixo «Ludwig Streicher»	Un profesorado composto por recoñecidos mestres deste instrumento ofrecerá as sesións teóricas e prácticas do festival, que se desenvolverá do 1 ao 5 de setembro na sede da Escola de Altos Estudos Musicais e que incluírá unha <i>master class</i> co contrabaixista italiano Alberto Boccini.	Vinte prazas para contrabaixistas e estudantes de contrabaixo que teñan superado o primeiro curso de Grao Medio. A admisión realizarase por rigorosa orde de inscrición. Máis información e inscrición <i>on line</i> : www.eaem.es	21 de xuño
Premios da AGADIC á creación literaria no eido dramático (DOG nº 49 de 12 de marzo de 2010)	XIX Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	11 de xuño
	V Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
	VIII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. 2 modalidades: rapaces e adultos (Dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos inéditos para teatro de monicreques, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
V Premio Abrente para Textos Teatrais	O Concello de Ribadavia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convoca este galardón coa intención de incentivar a creación dramática en galego. O premio está dotado con 3.000 € e contempla tamén a edición do texto gañador.	Obras teatrais inéditas e non premiadas, escritas en galego e de extensión libre. Máis información: www.mitribadavia.com/premios	1 de xullo

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña: www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consortio Audiovisual de Galicia: www.consortioaudiovisualdeg Galicia.org
- Academia Galega do Audiovisual: www.academiagalegadoaudiovisual.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html
- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS FEBREIRO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	<i>As actas escuras</i>	17	152,00	648,00 €
Narón	<i>As actas escuras</i>	2	129,00	766,40 €
O Barco de Valdeorras	<i>As actas escuras</i>	1	129,00	584,00 €

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>As actas escuras</i>	17	152,00	648,00 €
Teatro do Morcego	<i>Saltimbanquis</i>	4	68,50	276,25 €
Teatre Lliure	<i>Après moi, le déluge</i>	2	155,50	889,50 €
Rosalía 21	<i>Homenaxe a Rosalía</i>	1	230,00	[por convite]

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2010

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	24	3.399	53,04%	13.900,00 €
<i>As actas escuras</i> (CDG)	20	2.971	44,92%	13.132,80 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT./ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Abada Teatro	6	259,17	1.446,17 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	4	100,75	449,75 €
Ancora Producións	6	69,83	242,33 €
Berrobambán	5	267,00	546,80 €
Caramuxo Teatro	13	302,54	545,40 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea	1	396,00	2.242,00 €
Ballet Jesús Quiroga			
Dani García	1	140,00	240,00 €
Dloira	2	108,00	633,00 €
Elefante Elegante Teatro	3	114,00	475,00 €
Fulano, Mengano e Citano	1	100,00	294,00 €
Galtoon	14	234,57	398,57 €
Ghazafelhos	1	140,00	165,00 €
Katarsis, Educación e Teatro	8	92,13	176,69 €
Kiko Pastor (Ilusionista)	1	180,00	371,00 €
La Carreta Teatro	2	266,00	851,00 €
Lagarta Lagarta	3	179,33	624,67 €
Lambriaca Teatro	1	29,00	52,50 €
Mago Marttyn	1	106,00	288,00 €
Malasombra	1	107,00	515,00 €
Matarile Teatro	4	112,50	677,50 €
Miroscopio Perdicións	2	41,50	106,50 €
O Retrete de Dorian Gray	5	71,20	145,60 €
Pinga Teatro	1	55,00	111,50 €
Pisando Ovos	1	47,00	300,00 €
Produccións Acontrabutaca	3	136,33	425,17 €
Producións Teatráis Excéntricas	9	418,56	2.196,01 €
Quique Peon, Cía.	1	73,00	246,00 €
Redrum Teatro	2	136,50	257,50 €
Róber Bodegas	4	431,00	1.678,00 €
Sarabela Teatro	4	196,00	1.685,50 €
Talia Teatro	8	189,63	688,44 €
Tanxarina Títeres	4	251,50	563,06 €
Teatro de Ningures	5	109,20	393,27 €
Teatro do Andamio	2	181,00	425,75 €
Teatro do Atlántico	4	248,00	1.995,75 €
Teatro do Morcego	3	318,00	898,67 €
Títeres Trompicallo	5	94,40	171,50 €
Uxia P. Vaello	1	24,00	82,00 €
Viravolta Títeres	7	184,29	303,50 €€

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT./ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	15	211,2	1.163,40 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia2	831	3.645,00 €	
A Estrada	1	51	255,00 €
A Rúa	2	82	238,50 €
Ames	7	96,14	212,64 €
Arteixo	7	158,71	364,64 €
As Pontes de García Rodríguez	2	148	267,00 €
Boiro	3	155	245,17 €
Cambados	4	172,25	211,50 €
Cangas de Morrazo	4	265	748,25 €
Carballo	5	243,4	688,00 €
Cedeira	3	76,67	173,83 €
Ferrol	7	104,14	566,57 €
Foz	3	188	265,00 €
Lugo	1	135	890,00 €

Monforte de Lemos	1	87	188,00 €
Muros	4	85	217,50 €
Narón	7	286	1.620,14 €
Noia	3	179,67	417,67 €
O Barco de Valdeorras	2	106,5	509,50 €
O Carballiño	2	95,5	275,75 €
Oleiros	1	249	850,50 €
Ortigueira	2	138	653,75 €
Ourense. Teatro Principal	5	164,6	1.463,20 €
Ourense. Auditorio Muncipal	7	151,86	241,57 €
Pontevedra	24	262,75	449,34 €
Ribadavia	1	183	519,50 €
Ribadeo	3	186,33	471,33 €
Sada	3	243	683,67 €
San Sadurniño	1	107	253,50 €
Santiago de Compostela	6	206,33	1.157,50 €
Sanxenxo	1	121	402,50 €
Tui	3	300	841,67 €
Vigo. CC Caixanova	2	467,5	3.200,85 €
Vilagarcía de Arousa	1	113	161,00 €
Viveiro	4	122	185,00 €

TOTAIS RGTA (ATÉ FEBREIRO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2006	86	15.316	45,95%	43.582,00 €
2007	108	16.296	39,69%	47.184,61 €
2008	137	21.115	39,55%	63.383,24 €
2009	122	17.043	35,24%	47.071,50 €
2010	149	29.676	47,40%	102.820,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT./ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	9	102	346,56 €
Sala Nasa (Santiago)	9	45,44	172,11 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	18	12,06	100,00 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	12	41,33	159,67 €
Teatro Ensalle (Vigo)	12	31,5	217,58 €

TOTAIS RGS (ATÉ FEBREIRO)

	Funcións	Público	Ocupación	Facturado
2007	27	1.093	36,12%	6.045,00 €
2008	16	443	45,90%	2.462,00 €
2009	38	1.085	43,23%	5.095,00 €
2010	60	2.418	59,72%	10.995,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
12 Labirinto	1	98	258,00 €
Abril Fado Atlántico	1	54	210,00 €
Aid	1	43	170,00 €
Aló Django	2	61,5	243,50 €
Bakin'blues Band	2	27,5	75,00 €
Baldosa Amarilla	1	50	163,00 €
Bastards On Parade	1	71	213,00 €
Belöþ	3	55	139,33 €
Bruno T. Ford	2	35	67,50 €
Capitán Furilo	1	27	81,00 €
Caraba	1	53	153,00 €
Cats And Monkeys	1	53	105,00 €
Cró!	1	12	60,00 €
Doctor Gringo	1	72	300,00 €
Doctor Snob	2	37,5	112,50 €
Dúo Fdz. & Quintá	1	60	180,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	2	39,5	105,00 €
Holywater	3	80,33	297,67 €
Igloo	4	95,75	320,50 €
Ith	1	97	261,00 €
José Córdoba	1	43	129,00 €
Jugoplastika	1	18	51,00 €
Les Trois de Cora	2	21,5	95,00 €
Litanei	2	28	100,50 €
Los Eternos	2	76,5	255,00 €
Los Mecánicos	2	46,5	95,50 €
Martinez	2	101	485,00 €
Maryland	1	67	335,00 €
Mbm	4	50	219,50 €
Mcmamus	1	43	195,00 €
Miguel Costas	4	49,25	240,50 €
Minor Swing	1	41	123,00 €
Mitocondrias	1	47	141,00 €
Monkillos	2	26,5	79,50 €
Moon Cresta	1	60	180,00 €
Moonjackets	2	24,5	66,00 €
Por Placer	1	42	210,00 €
Portrait	3	82	386,33 €
Recambios Tucho	1	3	57,00 €
Rockers Go To Hell	1	85	219,00 €
Sergio Makaroff	1	72	242,00 €
Stereotipos	1	31	136,00 €
Telma y Los Luises	1	18	30,00 €
The Cherry Boppers	3	61,67	362,00 €
The Homens	1	92	430,00 €
The Last Minute Experience	2	39	147,00 €
The Soul Jacket	2	99	437,50 €
The Turre´s Band	1	16	3,00 €
The W.c. García Show	5	19,8	49,00 €
Tiempocuatro	2	60,5	249,50 €
Xan Campos Trío	2	43,5	151,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fundación (Melide)	2	29	58,00 €
Aturuxo (Bueu)	3	72	360,00 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	3	21,33	60,33 €
Badulake (Ordes)	3	27	81,00 €
Bar Liceum (O Porriño)	3	54	160,00 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	1	30	90,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	2	47	141,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	4	54,5	161,25 €
Clandestino (Nigrán)	2	41,5	124,50 €
Clavicémbalo (Lugo)	3	41,67	176,67 €
Contrabajo (Vigo)	5	30,2	132,80 €
Disco-Club Capital (Ourense)	1	47	141,00 €
Doble Moral (Lugo)	3	8	103,33 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	1	60	180,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	2	73	172,50 €
Garufa (A Coruña)	3	67	189,00 €
Jazz Filloa (A Coruña)	1	50	250,00 €
La Casa de Arriba (Vigo)	6	54,17	270,83 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	3	69,33	248,33 €
La Galeríajazz (Vigo)	3	26,67	120,00 €
La Iguana Club (Vigo)	7	84,71	351,57 €
Marrucho (Baiona)	1	18	51,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	1	43	129,00 €
Planeta (Sarria)	2	85	175,50 €
Pub o Muíño (Cervo)	2	22,5	67,00 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	2	67,5	171,00 €
Pub Gatos (Melide)	1	97	261,00 €
Sala 600 (Melide)	3	66,67	347,33 €
Sala Karma (Pontevedra)	1	92	552,00 €
Sala Run Rum (Ferrol)	6	54,67	213,67 €
Salason (Cangas de Morrazo)	1	41	164,00 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	2	120,5	343,50 €
Ultramarinos (Santiago)	3	27	76,00 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	1	77	231,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	1	35	90,00 €

TOTAIS RGMV (ATÉ FEBREIRO)

	Concertos	Público	Ocupación	Facturado
2007	89	4.762	27,20%	11.110,00 €
2008	129	6.779	37,74%	20.764,00 €
2009	142	7.305	39,88%	25.066,00 €
2010	88	4.619	41,55%	17.088,00 €

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127

agadic@xunta.es / www.agadic.info